



## Información relativa ao novo curso.

Neste novo curso 2021/2022, a nosa prioridade absoluta é a de tentar retomar as nosas actividades, sempre e cando a situación derivada pola pandemia permita a realización das mesmas, cumprindo con todas as medidas de seguridade e hixiene necesarias.

Por iso, en primeiro lugar, adquirimos e instalamos no local dispensadores automáticos de xel hidroalcolico, desinfectante e papel para poder manter as óptimas condicións de hixiene.

Tamén elaboramos un protocolo de actuación de limpeza e actuación para levar a cabo antes, durante e despois de cada unha das actividades. Este protocolo será facilitado co comezo o curso.

Por suposto, será obrigatorio o emprego da máscara en todo momento (agás fruta, por causas evidentes) así como a ventilación do local. Alén diso, haberá un límite de prazas nas diferentes actividades para cumprir, en todo momento, coa distancia de seguridade esixida por lei.

É tamén importante salientar que actividades como acordeón, fruta, guitarra ou bolillos/labores terán lugar no noso local por entrar dentro dos parámetros marcados polo Ministerio de Sanidade.

Porén, para aquelas actividades máis numerosas como Coro, Rondalla, Teatro ou Baile e Acondicionamento Físico, contamos coa cesión temporal dos salóns de actos dos centros cívicos de Monelos e O Castrillón, aínda que estarán supeditadas ás propias actividades organizadas por estes centros cívicos.

### Listaxe de actividades

As actividades que ofertadas aos nosos socios son as seguintes:

- **Guitarra:** Clases para aprender a tocar a guitarra española.

- **Frauta:** Clases para aprender a tocar a frauta doce.
- **Rondalla:** Grupo representativo da Asociación, interpreta unha grande variedade de estilos musicais por medio de frautas, guitarras, bandurras, laúdes e percusión.
- **Coro:** Grupo representativo da Asociación, composto por coralistas que interpretan unha grande variedade de estilos musicais.
- **Teatro para adultos:** Grupo representativo da Asociación, composto por actores e actrices amateur con ánimo de pasalo ben, e deixar as vergoñas na casa, facendo diferentes obras de teatro pola nosa xeografía.
- **Bolillos e Labores:** Clases para aprender a tecer, coser, palillar ou bordar, entre outras labores de artesanía.
- **Fútbol sala:** Partidas de fútbol amateur entre persoas de todas as idades.
- **Baile:** Clases de baile fitness; facer exercicio bailando cancións coreografiadas.
- **Acordeón:** Clases para aprender a tocar o acordeón.
- **Acondicionamento físico:** Clases de ximnasia para se manter en forma e saudábel.

O horario das devanditas actividades é o seguinte:

Nome Actividade	Día	Hora	Monitor
Acordeón	Luns	18:00-19:30	Luis Romero
Bolillos e Labores	Martes	10:30-12:30	Victoria Vázquez
Acondicionamento físico	Martes C.C.Castrillón	18:45-19:45	Rosa Rojo
Baile	Martes C.C.Castrillón	19:45-20:45	Rosa Rojo
Fútbol sala	Martes IES Monte das Moas	20:00-21:00	Ovidio Rojo
Frauta	Pendente confirmar día		Irune Pereiro Carlota Blanco
Guitarra	Pendente confirmar día		Leticia Riestra Carlota Blanco
Coro	Venres C.C. Monelos	18:45-20:45	David Loureiro
Rondalla	Sábado C.C. Monelos	10:30-12:30	David Loureiro
Teatro para adultos	Sábado C.C. Monelos	18:45-20:45	Jesús García

No caso de fruta e guitarra aínda están pendentes de confirmación por dispoñibilidade das monitoras.

As actividades desenvolvidas no local terán un límite de prazas de 20 persoas.

## Proceso de inscrición

Para o proceso de inscrición teranse en conta dúas opcións: socios ou socios novos.

### Socios

No caso de seren xa socios da entidade, a inscrición poderá facerse por medios telemáticos:

- Escribindo por Whatsapp ou Telegram ao número **611052456**
- Enviando un correo electrónico a **actanxedoira@gmail.com**

En calquera dos casos, será preciso indicar o nome e apelidos do socio, así como a lista de actividades nas que desexa participar.

O período para a inscrición abrangue desde o luns 20 de setembro até o xoves 23 de setembro, ambos os dous incluídos.

En caso de non poder facer a inscrición por medios telemáticos, existe a opción de facela de modo presencial (consultar o seguinte apartado).

### Socios novos

Neste caso, haberá que acudir de xeito presencial, ao local Tanxedoira, nas seguintes datas:

- Venres 24 setembro desde as 18:30h até as 20:30h.
- Sábado 25 setembro desde as 11:00h até a 13:30h.

É necesario traer a seguinte documentación:

- Número de conta bancaria
- Foto carné do que será socio titular da unidade familiar, sendo imprescindible ter máis de 18 anos. (Pódese empregar una fotocopia en branco/negro)

A inscrición presencial é obrigatoria para os novos socios, xa que estes deberán cumprimentar a ficha de socio. Alén diso, serán tamén informados das normas das actividades, así como do funcionamento da asociación.

A dirección do local é: Rúa Azahar 6-8 1º Andar Esquerda (Barrio das Flores)

<https://goo.gl/maps/GUymW3A4JpF1bwpC9>

### **Aspectos relativos á inscrición**

Importante remarcar que para as inscricións terase en conta a orde de chegada (para aquelas actividades con límite de praza).

Alén, darase prioridade aos socios (de aí que as súas inscricións sexan antes) para despois ofertar o resto de prazas dispoñíbeis a posíbeis novos socios

Nota – Os socios e socias que en cursos anteriores estiveran inscritos nas actividades da asociación terán prioridade nas súas eleccións. No caso dos novos socios, completarán as vacantes dispoñíbeis nas correspondentes actividades.

### **Publicación de admitidos e comezo das actividades**

O luns 27 publicaranse as listaxes de admitidos tanto na páxina web como no exterior do local.

As actividades comezarán o día 1 de outubro.

### **Cobro de cotas**

O cobro de cotas para os socios e socias realizarase durante os primeiros días de novembro.

/Non perdas.../

## LOTARÍA DE NADAL.

Un ano máis, temos a oportunidade de xogar con Tanxedoira á Lotaría de Nadal. O número da xorte para este ano é seguintesendo o número para xogar este ano é seguinte:

0 6 5 7 1

Poderá ser adquirido na administración de lotaría do C. C. Carrefour da Avenida Alfonso Molina no seu horario de apertura ou mediante encargo dos monitores á Directiva.

Publicación  
subvencionada pola  
Deputación da Coruña.

